

TokApp Camariñas



60 ENTRADAS DE BALDE DOS DESFILES DA XXIX MOSTRA DO ENCAIXE para as 30 primeiras persoas de Camariñas que sigan ao Concello de Camariñas en TokApp e SORTEO de 30 máis entre todas as persoas subscritas.

Consegue unha das 60 entradas dos Desfiles de Moda da Mostra do Encaixe. Terás dúas oportunidades:

- ▶ Ser unha das **30 primeiras persoas de Camariñas** que se **subscriban ás novas do Concello de Camariñas na app TokApp** dende as **00:00 horas do sábado 9 de marzo**.
- ▶ Mediante **sorteo o 1 de abril de 30 máis** entre todas as persoas subscritas.

Como instalar TokApp ?

Vai a Google Play Store picando en <http://bit.ly/2D7Gxow> . Para iPhone entra en <https://apple.co/2D7RRku>. Na **Casa de Pedra** podemos axudarte no proceso.

Como sigo ao Concello de Camariñas?

Despois de instalar TokApp no móbil, vai a <https://bit.ly/2FI7O68> e pica en **Información sobre Camariñas**.

Como conseguir unha das 60 entradas?

- Recibirán unha entrada do desfile da Mostra do Encaixe as **30 primeiras persoas, empadroadas ou nadas en Camariñas**, que se subscriban á **Información sobre Camariñas en TokApp** dende as **00:00 horas do sábado 9 de marzo de 2019 ata o 31 de marzo**. TokApp remitirá ao Concello de Camariñas a listaxe das 30 primeiras subscritas desde esa data.
- O **1 de abril sortearanse 30 entradas máis** entre todas as persoas subscritas dende que o concello usa TokApp, excepto as 30 xa premiadas.
- O concello contactará coas 60 persoas mediante unha mensaxe privada vía TokApp. **A persoa contactada terá que responder antes de 48 horas** despois de recibir a mensaxe pola mesma vía, indicando o seu nome e DNI/NIE e o da persoa que recollerá a entrada na Casa de Pedra. De non responder nese prazo perderase o dereito á entrada, entregándose esta á seguinte persoa inscrita en Información sobre Camariñas.
- **As entradas recolleranse na Casa de Pedra antes do 6 de abril** presentando o DNI/NIE ou o libro de familia.
- A persoa que recolla a entrada escollerá entre as prazas dispoñibles dos desfiles das mañás do xoves 18, do sábado 20 e do domingo 21 de abril.
- As persoas subscritas a Información sobre Camariñas en TokApp antes das 00:00 horas do 9 de marzo de 2019, non recibiran entradas de balde, pero participarán no sorteo.

Que é TokApp ?

É unha aplicación de mensaxería instantánea para recibir no teu móbil novas municipais (avisos, ofertas de traballo, actividades, cursos, subvencións, eventos,...) dunha forma privada, segura e cumprindo coa lei de protección de datos.

Vantaxes de usar TokApp

- * O concello non coñecerá o teu número de teléfono
- * Sen publicidade e sen mensaxes non desexadas
- * Moi poucas notificacións ao mes
- * Gratuíta e fácil de usar
- * Soporte gratuíto no teléfono 886 080 996

Máis información no 981 737 004, na **Casa de Pedra** ou en www.camarinas.net.